

JULES VERNE

O castelo dos Cárpatos

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

Capítulo I

Isto non é unha narración fantástica; é soamente unha narración novelesca. A historia, dada a falta de verosimilitude, podería nun principio parecer unha farsa; considéralo así sería un erro, pois non é tal farsa. Pertencemos a unha época onde calquera cousa pode suceder. Case poderíamos dicir que todo acontece. Se a nosa narración non é verosímil hoxe, mañá si podería chegar a selo grazas aos elementos científicos –ferramentas do futuro–, e ninguén se atreverá a afirmar que non son máis ca lendas. Por outra banda, na actualidade, a finais deste práctico e positivo século XIX, xa non se inventan lendas. Nin en Bretaña, a comarca dos montaraces *korrigans*; nin en Escocia, na terra dos *brownics* e dos gnomos; nin en Noruega, a patria de ases, elfos, silfos e lis valquirias; nin tan sequera en Transilvania, onde o relevo dos Cárpatos dá para cantas evocacións fantásticas se queiran argallar. Non obstante, convén apuntar que o país transilvano segue a estar moi apegado ás vellas supersticións.

M. de Gérando describiu estas provincias da Europa máis oriental. Elisée Reclus visitounas. Mais ningún deles dixo nada relacionado coa curiosa narración que xustifica este libro. Coñecían eles? Poida que si, mais seica non quixeron concederlle creto á lenda. Nin o un a referiu coa súa precisión de historiador, nin o outro coa súa poesía plasmada nas peculiares relacións de viaxe que mantiña.

Dado que nin Gérando nin Reclus a mencionaron, tentarei facelo eu:

O 19 de maio daquel ano, un pastor apacentaba o seu rabaño nun prado de herba verde á beira do río Retezat, que domina un fértil val ateigado de árbores de rectas pólas e cultivado con magníficas plantacións. As galernas que veñen do noroeste arrasan durante o inverno este terreo descuberto e sen abrigo. É no tempo do barbeito.

Aquel pastor non se parecía en nada aos seus colegas da Arcadia, nin no traxe, nin tampouco na súa actitude, da cal se diría calquera cousa menos que era bucólica. Non era un Dafnis nin un Amintas, nin un Títiro, nin un Lícidas, nin un Melibeo. O río Lignon non murmuraba aos seus pés, encerrados en aparatosas zocas de madeira. Estaba o home á beira do río de Valaquia, de augas frescas e dignas dese leito sinuoso do que se fala na novela *Astrea*. Frik, o Frik da aldea de Werst (así se chamaba), era tan desleixado coma as bestas; estaba afeito á vida naquela cabana construída á entrada da aldea, cos porcos ao redor, vivindo na *prouacrerie*, única voz tomada do antigo idioma para se referir aos sucios cortellos da zona.

O *immanum pecus* apacentado por Frik pasaba máis por ser *immanior ipse*¹. Deitado no cumio dun outeiro, durmía o pastor cun ollo pechado e o outro alerta, coa gran pipa na boca; asubiando cadora e cando para que os cans non permitisen que algunha ovella se arredase do rabaño; tocando o corno e facendo que o seu son ecoase na montaña.

Eran as catro da tarde. O sol declinaba no horizonte. En dirección leste, algúns bicos sobresaían por riba dunha

¹N. do T. Verne xoga cunha frase de Victor Hugo (*Immanis pecoris custos immanior ipse*) que á súa vez é unha parodia dun famoso verso da quinta égloga de Virxilio (*Formosi pectoris custos formosior ipse*).

